



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

### **PUBLICACIÓN**

✓ BOPPO 1 outubro 2008, nº 190 [páx. 80]

### **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO LEGAL**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Excmo. Concello de Oia (Pontevedra) regula o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 2.- ELEMENTOS DA RELACIÓN TRIBUTARIA FIXADOS POLA LEI**

A natureza do tributo, a configuración do feito impositivo, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na Subsección cuarta da Sección terceira do Capítulo segundo do Título II do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na restante normativa de aplicación.

Ao abeiro do establecido no artigo 15.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Excmo. Concello de Oia procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos nos que a Lei remite á súa regulación pola corporación local.

### **ARTIGO 3.- EXENCIÓNS**

1. En relación á exención establecida no art. 93.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse xustificar os seguintes extremos:
  - a. En todo caso,
    - Aportar certificado da discapacidade emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, ter a condición de discapacitado nos termos previstos na Lei 51/ 2003, de 2 de



decembro, de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade, e acreditalo de acordo coa súa normativa de desenvolvemento, isto é, o Real decreto 1414/2006, de 1 decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003.

- Que o permiso de circulación e o seguro do vehículo figuren a nome da persoa con discapacidade. Ademais, acompañarán xustificante de pago do seguro do vehículo.
- b. No caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención.
- c. No caso de vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo e conducidos por eles mesmos, declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención e póliza de seguro onde conste expresamente que o titular, tomador e condutor habitual do vehículo é o mesmo beneficiario desta exención.

As concesións das exencións só producirán efecto para os períodos impositivos, aínda non devengados, seguintes ao da solicitude.

Constituirá infracción tributaria e poderá impoñerse a sanción tributaria máxima establecida pola normativa tributaria, aos suxeitos pasivos que, desfrutando da anterior exención, permitan a utilización do vehículo que da lugar á mesma por terceiros, salvo nos casos excepcionais que deberán poñer previamente en coñecemento do Concello, ou cando as circunstancias que motivaron a concesión da exención cambiasen e non se comunicara ao Concello.

A exención está subordinada á que se manteñan as circunstancias que a motivaron. Para estes efectos, o Excmo. Concello de Oia realizará periodicamente actuacións de inspección para comprobar que se manteñen, requirindo ao interesado para que aporte a documentación xustificativa sinalada neste apartado. No caso de revocarse a exención será de aplicación o previsto no parágrafo anterior.

#### **ARTIGO 4.- BONIFICACIÓNS**

1. Os vehículos históricos, sempre e cando acrediten a súa catalogación como tal de acordo co Real decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, e na normativa autonómica de aplicación, no caso de Galicia a Orde do 17 de xuño de 1996, pola que se establecen requisitos para a acreditación de laboratorios oficiais de vehículos históricos e a catalogación dos ditos vehículos; ou todos aqueles que teñan unha antigüidade superior a vinte e cinco anos, nos



termos previstos no artigo 95.6.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, desfrutarán dunha bonificación do 100 por 100 sobre a cota do imposto.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e deberá solicitarse, acreditando o sinalado neste parágrafo, como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte a finalización do período de exposición pública do padrón do imposto referido ao ano da súa aplicación.

Para gozar dos beneficios das bonificacións deberá acreditarse que non existen débedas a cargo do suxeito pasivo beneficiario.

#### **ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA**

1. Cota tributaria.  
A cota tributaria a esixir por este imposto será a fixada nas tarifas contidas no apartado 1 do artigo 95 da citada Lei.
2. Para a aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:
  - a. O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no anexo 2º do Real Decreto 2822/1998, de 23 decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.
  - b. Para os efectos do cálculo da carga útil, nos casos nos que conste na Tarxeta de Inspección Técnica dous valores distintos para a masa máxima tecnicamente admisible (MMTA) e para a masa máxima autorizada (MMA), aplicarase a efectos de tarifa o valor que corresponda á MMA.

#### **ARTIGO 6-. NORMAS DE XESTIÓN**

1. O instrumento acreditativo do pago deste imposto será a declaración-liquidación ou recibo, debidamente validado pola Entidade Recadadora.
2. No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán nos lugares que determine o Concello, no prazo de trinta días a contar da data da adquisición ou reforma, declaración-liquidación por este imposto segundo o modelo aprobado pola mesma Corporación, ó que se acompañará a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.  
Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto



resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto.

3. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que estean inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

O padrón ou matrícula do imposto exporase ó público anualmente para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formula-las reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no “Boletín Oficial da Provincia” e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día ....., unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

En Oia, a 19 de setembro de 2008.-

O Alcalde, Alejandro Rodríguez Rodríguez.